



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 7 de setembro de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día sete de setembro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(993).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(994).- OUTORGAMENTO DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE TRÁMITE DE AUDIENCIA AO CONTRATISTA NO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE OFICIO DO CONTRATO DE OBRAS DE “AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA”. EXPTE. 6198/241.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta de data 7/09/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

-Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

-Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas (LPAC).

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 24 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato de obras de “AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA”, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de novembro de 2017, a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., por un prezo total de 569.027,99 euros (IVE engadido)” por concorrer a causa prevista no artigo 223.d do TRLCSP, a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.*

*2º.- Dar traslado do presente acordo ó contratista e ós avalistas, Afianzamentos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca e Banco Sabadell, S.A., concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción do presente acordo para formular as alegacións que estime convenientes”.*

Este acordo foille notificado ao contratista na mesma data (24-08-2018).

**Segundo.-** En data 6 de setembro de 2018, D. Eulogio Viñal Iglesias, en nome e representación da empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., solicita unha ampliación do prazo do trámite de audiencia conferido no procedemento que nos ocupa (documento 180146014).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable á ampliación de prazo solicitada. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.



## Concello de Vigo

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó TRLCSP.

### -II-

#### **Da ampliación de prazo solicitada**

O contratista solicita unha ampliación do prazo de trámite de audiencia para formular alegacións que lle foi conferido no curso da tramitación do expediente de resolución do contrato de obras de "AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA", que lle foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de novembro de 2017.

A lexislación de contratos aplicable non regula esta cuestión, máis o TRLCSP establece na DF3 a aplicación supletoria da lei de procedemento. Efectivamente, dispón este precepto que "Os procedementos regulados nesta lei rexeranse, en primeiro termo, polos preceptos contidos nel e nas súas normas de desenvolvemento e, subsidiariamente, polos da Lei 30/1992, do 26 de novembro e normas complementarias". Esta norma foi derogada pola lei 39/2015, do 1 de outubro, que é a que resulta de aplicación á solicitude que nos ocupa.

O artigo 32.1 da LPAC permite á Administración, salvo precepto en contrario, conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiro, e sempre e cando, tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación, se produzan antes do vencemento do prazo de que se trate, pois non resulta posíbel a ampliación de prazos vencidos (artigo 32.3 LRJAP).

A LPAC non esixe ningún requisito específico para a concesión desta ampliación de prazo, salvo os citados de que se presente a solicitude de ampliación antes do vencemento do prazo inicial. Dado que o acordo da XGL foi notificado ao contratista o día 24 de agosto de 2018, o prazo de dez días hábiles de trámite de audiencia vence hoxe, 7 de setembro do mesmo ano. En consecuencia, a solicitude presentouse en prazo polo que é posible acordar a súa ampliación.

A ampliación, tal e como recolle o precepto transcrito non poderá exceder da metade do prazo inicial. Xa que este é de dez días hábiles, resulta posible ampliar o prazo en cinco días hábiles máis.

### -III-

#### **Competencia**

A competencia para a acordar a concesión dun novo prazo correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP e da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

### -IV-

#### **Acordo**

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“Conceder unha ampliación de cinco días hábiles do prazo de trámite de audiencia conferido a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., no procedemento de resolución do contrato de obras de “AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA”, que lle foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de novembro de 2017”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(995).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DE SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 4799/440.**

Dáse conta da proposta de data 7/09/18, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

*“Tomar razón da Resolución de Medida Cautelar nº 60/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 82/2018, instada por Dna. Margarita María Reboredo Arnosos actuando en nome e representación de DANNERBOOTS, S.L., na que se acorda:*

*Adoptar a medida cautelar de suspensión, respecto do lote 4, da contratación polo Concello de Vigo, dunha subministración de vestiario para o persoal municipal, expediente 4799/440”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta e dous minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Cayetano Rodríguez Escudero.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez